

Xestión de Persoal

EXPEDIENTE.- 2021/G003/004028

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

RESOLUCIÓN

Asunto: CONVOCATORIA DESERTA ENXEÑEIRO/A TÉCNICO INDUSTRIAL DE OBRAS E SERVIZOS

Na Casa do Concello de Arteixo, o Sr. Alcalde-Presidente, Carlos Calvelo Martínez, ante mín, Secretario Xeral, José María Vázquez Pita, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

En base ás competencias do art. 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Novo Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Empregado Público de Galicia e,

Vista a proposta do Tribunal seleccionador do proceso selectivo de unha praza de Enxeñeiro/a Técnico Industrial de obras/servizos (persoal funcionario de carreira), recollida en acta de data 30 de novembro de 2021, pola que ningún dos aspirantes presentados supera o primeiro exercicio da fase de oposición, propoñéndose polo Tribunal declarar a convocatoria deserta e,

Visto o establecido na Base 7ª das bases reguladoras da convocatoria, aprobadas por decreto nº 3033/2020 de data 17/12/2020 (BOP de A Coruña nº 18 de data 28/01/2021), que habilita competencialmente ao tribunal a realizar a proposta referida no parágrafo anterior

Por todo o exposto, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Declarar deserta a convocatoria para a cobertura en propiedade de unha praza de persoal funcionario de carreira de Enxeñeiro/a Técnico Industrial de Obras/Servizos, correspondente á execución da OEP 2017, dando publicidade do presente taboleiro de edictos e complementariamente na web municipal.

SEGUNDO.- Ordear ao Dpto. de Persoal que preparen nova convocatoria e bases reguladoras coa maior celeridade posible e de conformidade á estrutura de bases xerais para procesos de estabilización, ao abeiro das modificacións legais introducidas polo RDLei 14/2021 de data 6 de xullo.

TERCEIRO.- Dar traslado ao Dpto. de Persoal e á representación sindical aos efectos informativos.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José María Vázquez Pita, como Secretario Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).